

Acta da Mesa Local de Comercio

No Salón Dourado do Excmo. Concello da Coruña, as 9:00 horas do luns 30 de maio de 2019, a Mesa Local de Comercio celebrou sesión en 1ª convocatoria, cos seguintes puntos na Orde do Día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última reunión de data 21 de maio de 2018.
2. Valoración dos proxectos presentados polas distintas asociacións de comerciantes, placeiros e dos mercados, solicitantes de subvencións ao abeiro da Orde do 13 de marzo de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia:
 - Asociación Comerciantes e empresarios do Mercado das Conchiñas
 - Asociación Distrito Mallos
 - Asociación do Mercado Municipal de Monte Alto
 - Asociación de Vendedores do Mercado San Agustín
 - Asociación en Defensa do Mercado de Abastos de Elviña
 - Asociación Gran Área Comercial Obelisco
3. Rogos e preguntas.

Asistentes

Representación comercial, mercados e de consumidores

Antonio Amor Campos
Jesús Suárez Brenlla
José Salgado Sánchez e Elena Cerejido Blasco
Leonardo Tomé Rodríguez
Ángela María Barrán Caridad
Pedro Dafonte Deibe
Jose Luis Boado López e Maria Dolores Fernández Vilas
Rosa María Otero Raña (asiste desde ás 9:20)

Entidade

Asociación Gran Área Comercial Obelisco
Centro Comercial Urbano Agra Barcelona
Asociación Comercial Distrito Mallos
Asociación en Defensa do Mercado Elviña
Asociación de Vendedores Mercado de San Agustín
Asociación de Profesionais do Mercado Eusebio da Garda
Federación Unión de Comercios Coruñesa
Asociación Provincial de Amas de Casa, consumidores, y usuarios da Coruña

Representación municipal

Alberto Lema Suárez

Presidente da Mesa Local de Comercio

Disculpa asistencia
Disculpa asistencia
Disculpa asistencia
José Manuel Sande García

Sagrario Ron López

Emilio Lesta Casal
Disculpa asistencia

Rubén Darío Boullón Agrafojo

Concelleiro de Rexeneración Urbana e dereito a Vivenda
Concelleiro de Mobilidade Sostible
Concelleira de Medio Ambiente.
Concelleiro de Cultura, Deportes e Coñecemento
Xefa de Servizo de Emprego e Empresa e como responsable de consumo en ausencia da Técnica superior de consumo.
Xefe Departamento de Emprego.
Técnica Superior de Consumo
Técnico Medio de Promoción de Emprego

**Representante da Administración
Autonómica:**

Isidoro Martínez Arcas

Xefe Territorial da Coruña na Consellería de Economía, Emprego e Industria

Potestativo

Miguel Agromayor Vázquez

Federación de Entidades Empresariales do Comercio da Provincial da Coruña.

Baltasar López Lamas

Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña

Secretario

Jorge Manuel Vidal Zapatero

Xefe departamento promoción económica e comercio

A mesa considerase válidamente constituída en primeira convocatoria conforme o disposto no artigo 9 do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio.

Inicia a sesión o Presidente da Mesa, Alberto Lema Suárez, que agradece aos presentes a súa asistencia e inicia a lectura dos asuntos incluídos na Orde do Día.

Desenvolvemento da reunión:

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última reunión de data 21 de maio de 2018

O Presidente da Mesa pregunta aos asistentes se están conformes coa acta remitida, e ésta apróbase pola totalidade dos membros asistentes, a excepción de Pedro Dafonte Deibe, en representación da Asociación de Profesionais do Mercado Eusebio da Garda, que indica que

quere absterse por non atoparse presente no momento da celebración da devandita sesión anterior.

Punto 2. Valoración dos proxectos presentados polas distintas asociacións de comerciantes, placeiros e dos mercados, solicitantes de subvencións ao abeiro da Orde do 13 de marzo de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia:

- Asociación Comerciantes e empresarios do Mercado das Conchiñas
- Asociación Distrito Mallos
- Asociación do Mercado Municipal de Monte Alto
- Asociación de Vendedores do Mercado San Agustín
- Asociación en Defensa do Mercado de Abastos de Elviña
- Asociación Gran Área Comercial Obelisco

O Presidente da Mesa propón que se expoñan brevemente cada un dos proxectos.

-Jose Salgado Sánchez, en representación da **Asociación Comercial Distrito Mallos**, presenta o seu proxecto, entre nos que destaca a tarxeta de fidelización “cliente amigo”, campañas de nadal, concursos infantís, campaña de rebaixas, gastos de xerencia, día do pai, publicidade en prensa y redes sociais, entre outras propostas.

O proxecto infórmase favorablemente.

-A continuación Ángela María Barrán Caridad, en representación da **Asociación de Vendedores Mercado de San Agustín** expón o proxecto do Mercado de San Agustín. Sinala que queren mellorar equipamento do mercado (vestiario, cartelería, presentación de produto (bolsas oxobiodegradables, bolsas de compra permanentes); publicidade (radio, prensa e redes sociais) e sistema de fidelización con campañas ao longo do ano.

O proxecto infórmase favorablemente.

-Seguidamente, Antonio Amor Campos expón a campaña que leva a cabo a Asociación **Gran Área Comercial Obelisco** dende novembro de 2018, que comprende diversas actuación (Black Friday, zona de ocio no nadal, buzón real, campaña do día dos enamorados), así como diversos sistemas de fidelización (acordos de colaboración cos aparadoiros, e compañía de Tranvías da Coruña) e mantemento da oficina técnica e unidade xerencial .

O proxecto infórmase favorablemente.

A continuación Sagrario Ron López, Xefa de Servizo de Emprego e Empresa, en ausencia de representantes do resto das asociación non asistentes, informa do contido das memorias presentadas respectivamente.

-Asociación Comerciantes e empresarios do Mercado das Conchiñas

O proxecto, que persegue dinamizar o mercado e fidelizar aos clientes, abarca os seguintes aspectos: vestiario común a tódolos traballadores, presentación do produto (bandexas, papel, etc) , e elementos publicitarios (calendarios, publicidade en medios de comunicación e redes sociais), rotulación, equipo informático para a venda, ventiladores e básculas de repeso.

-Asociación en Defensa do Mercado de Abastos de Elviña. O proxecto inclúe equipamento do mercado e dos praceiros (uniformidade, elementos de envasado), sistema de fidelización (redes sociais, calendarios publicitarios e talonarios de rifas de sorteos).

-Asociación Profesional Autónomos do Mercado Municipal de Monte Alto. O proxecto abarca os seguintes aspectos: presentación do produto (bandexas, papel, etc), envasadora de vacío, mesa para envasadora, afiladora de cóitelos, ventilación da sala e elementos publicitarios (calendarios, publicidade e redes sociais)

Isidoro Martínez Arcas, en representación da Xunta de Galicia, expón que será o órgano instructor das subvencións quenes valoren si os conceptos solicitados entran dentro da categoría de gastos subvencionables, conforme a orde que regula as bases da subvención.

O Presidente da Mesa, expón que tendo unha norma de identidade corporativa e común de vestiarios, non procedería a solicitude para o vestiario diferenciado fóra da uniformidade común para eles, polo que nese aspecto propón que se informe desfavorablemente, e todas os demais aspectos das solicitudes informadas favorablemente.

Tendo en conta o anterior, por unanimidade das persoas presentes, infórmanse favorablemente a totalidade dos proxectos anteriormente sinalados, coa salvidade respecto da adquisición de vestuario diferenciado.

Dáse por terminada a sesión ás 9:35 horas, e para que así conste levántase Acta do acordado que como Secretario asino, co visto e prace do Presidente, no lugar e data arriba indicados.

O SECRETARIO

Visto e prace

O PRESIDENTE DA MESA